

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Castelao, a Lois Tobío Fernández

Colección:

De:

Castelao;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

141 West 85 Street (de enderezo), Nova York (local), Nova York (estatal)

Destino:

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e con membrete: FRENTE POPULAR ANTIFASCISTA GALLEGO. Aínda que non ten data debeu ser escrita en 1939].

Mencionados:

Xerardo Álvarez Gallego; Juan Clemente Zamora;

Notas do editor:

Carta de 2 páxinas.

Aínda que non aparece a data, polo contexto e do que fala tivo que ser redactada a mediados de 1939.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Castelao, a Lois Tobío Fernández

Frente Popular Antifascista Gallego
AFILIADO A SOCIEDADES HISPANAS CONFEDERADAS
147 COLUMBUS AVENUE
ESQ. W. 66TH ST. 3RD FLOOR
NEW YOR CITY

Os galegos que andan po lo
Mundo e a única reserva que
nos queda para reconstruir
o noso Fogar desfeito.
— Castelao

A Lois Tobio Fernandez

Meu querido amigo e irmán: Velahi che vai a carta para Zamora. Non teño a súa dirección, pero axiña podes dar con él preguntando na Universidade. Debes falar con él e ao mesmo tempo buscar outras axudas que poderás atopar falando con Alvarez Gallego e cos da "Casa da Cultura". Non creo que atopas dificultades para revalidar o teu título deseguida e dispois entrases pol-a porta grande na Universidade. O que me preocupa é Álvarez Gallego que non pode demostrar oficialmente a súa condición de abogado e pol-o tanto non poderá revalidarse e gañar a vida coa súa verdadeira profesión.

Eiqui ando a tombos, loitando coa xente. Da Franza non chegan máis que malas novas e o veneno das calumnias contra todos. Todos se están enchendo de merda e un xa non sabe qué facer e que pensar. Estou atristurado e de Franza non fan máis que pedirme diñeiro para pasaxes. Esto faime pensar que todos pensan de min que teño diñeiro ¿Creerán que tamén son ladrón? Pois eu poderei vivir catro ou cinco meses e se non atopo traballo terei que morrermes de fame.

Eiqui xuntamos 5000 dolares e agora din que se non acepto a presidencia da Comisión xa non recadaremos máis. Eu son agora o home que pode facer miragres. Non creo que poida facelos. Estou triste. New York pésame moito. A xente d-eiqui non ten moral ningunha e antre tanta loita eu creo que non saberei defenderme.

A ver cando me escribes a prol da vosa vida en Cuba.

Se tiveras algún tempo creo que debías empregalo en inxertar [?] aos galegos e incorporarte ao novo movemento porque eu creo que para contar con América é indispensable entenderse con nós. Esto pol-o menos é o natural.

Unha forte aperta de teu irmán

Castelao [sinatura autógrafa]

141-West-85 St.
New York City

[Ao final do folio onde está escrita a carta aparece a seguinte lenda:]

AYUDANDO A ESPAÑA, AYUDAREIS A LA LIBERACIÓN DE GALICIA

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.